

Criterios de Avaliación

E.S.A 1 / 2

Departamento de Inglés

CONTIDOS MÍNIMOS

Os contidos mínimos esixibles serán:

Vocabulario:

Os saúdos e as presentacións, os números do 0-100, os obxectos da clase, os países e as nacionalidades, as profesións, os días da semana, a familia, as cores, as partes do corpo, os adxectivos, as mascotas, os cuartos da casa, o mobiliario, os números ordinais, a hora, actividades que expresan rutina, as comidas, os verbos, os meses do ano, e os lugares dunha cidade.

Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e aos temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Saúdos e presentacións.
- Intercambio de información persoal.
- **To be** .
- Intercambio de información persoal.
- Fórmulas para falar das profesións e dos cuartos da súa casa.
- Os adxectivos posesivos.
- **A / an**
- Os plurais
- **this / that / these / those** .
- Fórmulas para falar da familia.
- Descrición de persoas.
- O verbo **have got**
- Os nomes contables e non contables
- **some / any**
- O xenitivo saxón
- Descricións de persoas e de cousas.
- A orde das palabras.
- **There is / there are**
- **How much / How many**.
- Descrición de lugares.
- Expresión de preferencias.
- O *Present Simple* en afirmativa, negativa e interrogativa
- **like** + nomes; **like** + xerundio.
- Expresión de rutinas.
- Fórmulas para facer suxestións.
- Os adverbios de frecuencia; o
- Expresión de habilidade e de posibilidade. **Can**
- As preposicións de tempo (in, on, at).
- Narración de accións que están en transcurso.
- O *Present Continuous*.

PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

Trimestralmente farase alomenos unha proba que constará dunha parte aural (listening) e dunha parte escrita para constatar a superación dos obxetivos fixados.

A avaliación é continua polo tanto non se realizarán recuperacións.

Na proba extraordinaria de setembro examínase dos contidos mínimos. Recordamos que a nota de inglés é un tercio da nota do ámbito de comunicación, pero que decidimos entre os tres seminarios de linguas establecer un 3'5 como nota mínima en cada idioma para poder facer a nota media.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado de ESA 1/2 farase de maneira continuada. Como mínimo realizarase unha proba no trimestre, pero o profesor poderá facer as probas que considere necesarias para a avaliación dos alumnos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de promoción e cualificación baseanse na consecución e superación dos contidos mínimos esixibles.

A nota necesaria para obter aprobado e 5 no ámbito de comunicación, a pesar de poder sacar menos nota, a partir de 3'5, en cada lingua.

Despois de todo o indicado anteriormente as porcentaxes para a nota de avaliación será:

1ª, 2ª y 3ª avaliación :

-oral: 20%

-Grammar / Vocabulary: 50%

-Reading and Writing : 30%

A non realización dalgunha das partes condicionará o aprobado na materia.

Trátase de avaliación continua, o que significa que cada avaliación incluíra toda a materia dada anteriormente. Polo tanto non haberá probas de recuperación ao longo do curso.

Trimestralmente farase alomenos unha proba que constará dunha parte oral (listening) e dunha parte escrita para constatar a superación dos obxetivos fixados.

Na proba extraordinaria de setembro examínase dos contidos mínimos. Recordamos que a nota de inglés é un tercio da nota do ámbito de comunicación, pero que decidimos entre os tres seminarios de linguas establecer un 3'5 como nota mínima en cada idioma para poder facer a nota media. Inclúese un listening.

As porcentaxes serán:

-listening: 10%

-Grammar and Vocabulary: 60%

-Reading and Writing : 30%